

# A beneficencia na Provincia de Lugo

## O hospital de San Xosé




*Semana Internacional dos Arquivos*  
*3-9 de xunio de 2024*

Arquivo Xeral da Deputación de Lugo





# *A Beneficiencia. Hospital Provincial de San Xosé*

Os centros benéficos nacen na Idade Media e pertencían na súa maioría á Igrexa Católica. Rexíanse por padroados, irmandades, confrarías... No século XX, as sucesivas desamortizacións farán que os que non sexan suprimidos pasen a ser propiedade do Estado. Rexíranse pola Lei de Beneficiencia do 24 de Xuño de 1849, quedando nun principio a cargo das Xuntas Xerais e Xuntas Provinciais e Municipais e, unha vez suprimidas estas, serán as deputacións provinciais quen asuman a súa xestión.



Saiz Martínez, Ramiro (1928) [plano] 1:100 ADPL sig2674.8



Excma. Deputación Provincial (1958) Aspectos do Hospital Provincial San Xosé. Revista Lucus 1, 22



Vila López, Alfredo (1944) [plano]1:1000 ADPL sig2513.5


# *Proxecto Casa da Maternidade e Expósitos*

Dende o ano 1868, a Deputación Provincial de Lugo ven intervindo neste eido social, e, no primeiro terzo do S.XX, decide construír o primeiro Centro de Maternidade e Expósitos ante a ausencia dunha edificación ex profeso, pois a asistencia desenvolvíase en edificios pouco axeitados para tal fin.

Tal como se recolle na memoria do concurso de propietarios de 1926, co fin de adquirir un terreo para a nova Maternidade: “...Acordou proceder ao proxecto da nova Maternidade que ao mesmo tempo sirva de inclusa e que no seu día poida ampliarse a outros servizos que teñen relación directa como sería un hospicio e unha granxa agrícola onde os hospicianos puidesen aprender o traballo do campo...” (Sig3368.21)



Saiz Martínez, Ramiro (1928) Casa da Maternidade. Revista “España Médica” ADPL



Vila López, Alfredo (1944) Casa da Maternidade [plano] 1:1000 ADPL sig2513.5


# *Proxecto Casa da Maternidade e Expósitos*

Na sesión celebrada o día 31 de decembro do ano 1926, acórdase publicar un concurso entre os propietarios dos terreos para a adquisición dun solar, estes tiñan que reunir as seguintes condicións: 1º: Unha extensión superficial de 7000 m2 como mínimo, 2º: Que o terreo non se enchope e para iso precisase que tiña un declive suave, 3º: Que o terreo sexa asollado tanto no inverno coma no verán, e cunha maior lonxitude de Levante a Poñente. (BOP 15-1-1927), e no BOP de Lugo do 15 de xullo de 1927, presentouse o anuncio para dito concurso.

Unha vez vistas as proposicións dos terreos acordouse construír o edificio nun terreo ofrecido por Dona Petra Arrieta chamado “O Garañón”, descartando o ofrecido polo Señor Don Peinó (Libro de Actas, Sesión do día 18 de agosto de 1927, páx. 106, recto e verso).



Nenos expósitos da Casa- Cuna coas Fillas da Caridade ca. (1960-70)  
(s.d.) ADPL sig6905.165



Vila López, Alfredo (1944) Casa da Maternidade, pavillón 1 [plano] 1:100 ADPL sig2513.5


# *Casa da Maternidade e Expósitos*

Segundo se recolle nas disposicións para o bo funcionamento da Inclusa, cómpre que posúa as seguintes instalacións: 3 salas, cada unha para 12 camas; outra con 6 camas para as amas de cría; unha sala con 6 boxes cun departamento de limpeza especial; un cuarto para enfermeira e una sección especial para destetados e “maiorciños” cunha sala para 12 camas. Sala de xogos para os nenos, solarium, sala de esterilización e autoclaves, comedor, cuartos de baño, cociñas, forno, lavadoiros e secadoiros, servizos hixiénicos, caixa de primeiros auxilios e capela. Outras estancias a incluír serían: Un cuarto de dirección, secretaría, sala de xuntas, despachos e dormitorios para persoal.

Na nova Maternidade haberá catro pavillóns, o nº 1 será a entrada ao complexo e tamén onde se atopará a comunidade das monxas, o nº 2 será destinado para a Maternidade, o número 3 será o de Expósitos ou Inclusa, e o nº 4 para a capela de San Xosé.



Comedor infantil Casa Cuna ca. (1960-70) (s.d.) ADPL sig3330.202




Capela (1928) [plano] 1:100 sig2674.1


# Casa-Cuna




Visita das autoridades a Casa-Cuna ca. (1960-70) (s.d.) ADPL sig6905.205



Expediente de Expósitos (1944) ADPL sig1156.86



Modelo bañera Baby para nenos (1944) ADPL sig2674.3



Vila López, Alfredo (1944) Mobiliario metálico pavillón de nenos [plano] ADPL sig2513.2

# Hospital Provincial de San Xosé

Na sesión do 5 de maio de 1944, na páxina 2 da súa Acta, di textualmente o seguinte:

1ª "...foron adoptadas respecto ao particular as seguintes resolucións:

O traslado dos servizos benéficos da Deputación ao edificio propio, coñecido ata o de agora como Casa da Maternidade.

2ª: No sucesivo, o referido conxunto de edificacións denominarase Centro Benéfico Provincial San Xosé e funcionarán nel os servizos de Expósitos, Hospital e Maternidade, adicando o primeiro pavillón independente construído pola Administración que será elevado nun andar...".

Hospital Provincial de San José LUGO Servicio de Medicina

Jefe del Servicio Dr. Alfonso

Historia Clínica núm. MILITAR Fecha ingreso: 24 de II de 1945

Nombre y apellidos [redacted] Fecha salida: [redacted] de [redacted] de 1945

Encargado [redacted] Edad 35 años Cama [redacted] Mi  
fesión [redacted] Estado [redacted]

Hijo de [redacted] y de [redacted] Natural de [redacted] Vecino de Lugo

Ingresó para tratarse de: Boceo (estudio) Nombre y dirección de pariente más próximo (indicar parentesco) [redacted] Médico de familia [redacted]

Diagnóstico - Provisional Boceo nodular lipofuscoso

Diagnóstico - Final [redacted]

Complicaciones [redacted]

Historia familiar Goltesa

Historia personal Siempre fue sano Sinpe y os seus

Antecedentes familiares [redacted]

Enfermedad actual - Comienzo e historia Hace año y medio que emp. a boceo, no tiene balmaciones. Tiene par. normalmente. No tiene fracturas de huesos.

Exploración Hacia la auscultación en ambos pulmones. Hacia la auscultación de un hueso de palmar. En un lado fijo. Hacia la auscultación de la articulación del max. inferior. Hacia la auscultación de la articulación del max. inferior. Hacia la auscultación de la articulación del max. inferior.

ADPL (1940-55) sig6560

HOSPITAL PROVINCIAL DE LUGO Servicio de Medicina Interna

SALA DE [redacted] CAMA NUM. [redacted]

Historia clínica número 2 P.G. nº 3.

Nombre [redacted] Edad 47 años.

Estado soltero y Naturaleza Gallega

Residencia habitual Galicia Profesión peraldero

Día de ingreso 23 Agosto de 1943 Día de salida 15 de Junio de 1944

Diagnóstico Mal de Pott de la región lumbar, con paraplejía y trastorno in-completo de la mición.

Antecedentes familiares

Padre fallecido hace 9 años, a los 63 de edad. Era enfermo de estómago y desde había 5 años; y los últimos 4 meses con edemas de piernas y pies

Madre vive y está sana

Hermanos 2 fallecieron al nacer - 01ro al año [al parecer con síndrome de anorexia] - 02ro de febre tifoidal a los 19 años - Una hermana sana

Antecedentes personales

Fue criado con lactancia materna, con marcha normal. A los 9 años sacaron a los 20 Chancas blancas y gonorrea, estuvo en el Hospital Militar y a los 3 meses fue curado de esto por curación. A continuación, sana.

Después en Abril de 1937, le fueron extraídas, de una placentis del lado derecho, 2, media litro de pus, siendo curado de alta a los 4 meses y declarado inútil del temporal. Siempre reinquiriendo de ese estado, pero que volvió a ingresar en el Hospital Militar en donde le sometieron a tratamiento de Calcio, reposo durante 4 meses más. Desde entonces sufre molestias frecuentes en el costado afecto.

ADPL (1944) sig6201.2

HOSPITAL PROVINCIAL DE SAN JOSE Dirección

HISTORIA CLINICA NUMERO 31.830

Apellidos [redacted] Nombre [redacted]

Naturalidad Castellano

Residencia Castellano

Fecha de nacimiento 23 junio 1928 Sexo H

DIAGNOSTICO	Ingreso	Sala	Cama	Salida
<u>Lipofuscoso de Boceo</u>	<u>4-XI-45</u>	<u>Quir</u>		<u>7-XI-45</u>

ADPL (1928) sig31850

# Hospital Provincial de San Xosé

A reparación e adaptación dos servizos do novo Centro Benéfico Provincial de San Xosé levouna a cabo o arquitecto provincial Alfredo Vila.


O estilo arquitectónico dos edificios do Centro Benéfico seguiu unha tendencia inspirada no rexionalismo dos pazos galegos, como pode ser a sillería de granito e muros de cachote recebados en cor branca.

O Pavillón administrativo num. 1 converteuse na Casa-Cuna. O Pavillón nº 3, que era o hospicio, converteuse en hospital concedéndoselle, ademais, un andar.


A comunidade das Hermanitas de la Caridad vivirán no pavillón num. 1, onde atenderán aos nenos e no fallado do pavillón num. 3 coidarán aos enfermos . O pavillón num. 2 seguirá sendo de maternidade. Ditas obras realizounas o contratista Varela Villamor. Fixéronse tamén arranxos e acondicionamentos e asemade axardináronse os terreos lindeiros para darlle maior visibilidade ao edificio principal. Estes traballos foron dirixidos polo enxeñeiro Senén Prieto. Cómpre sinalar que unha sección do hospital estaba destinada a uso militar.

Na Casa-Cuna permanecían os nenos ata os 7 anos, sendo a partir desa idade enviados ao Colexio Alonso Vega. Por outra banda, as nenas, eran enviadas ao Fogar de Santa María.

No ano 1946 foi aprobado o Regulamento do Centro Benéfico de San Xosé pola Deputación provincial de Lugo. (Sig 3780).



Reglamento do Centro Benéfico San Xosé (1946). sig3780



Emprazamento San Xosé (1928) [plano] 1:100 sig2673.2




# *Hospital Provincial de San Xosé*

Durante o século XX este hospital desempeñou un papel fundamental na atención sanitaria na provincia de Lugo. O edificio aportaba modernidade á contorna urbana da capital e dispoñía de excelentes instalacións para a época.

Co paso do tempo, este centro benéfico converteuse no Hospital Provincial de San Xosé, sendo xestionado polo persoal cualificado da Deputación de Lugo ata que, a finais dos anos noventa do século pasado, transferiuse ao SERGAS, quedando o conxunto de edificios baleiro. Esta situación de abandono propiciou que a Xunta de Goberno da Deputación aprobara a cesión do Hospital de San Xosé e a súa parcela de 22.000 m2 a ASPNAIS polo prazo de 25 anos ata o ano 2040 (sesión do 7 de novembro de 2014).



Ofrenda no Hospital de San Xosé ca. (1960-70) (s.d.) ADPL sig3330.219



Excm. Deputación Provincial. (1958) (s.d.) Equipos de anestesia pertencentes ao servizo de Ciruxía. Revista Lucus, 23



Comunión aos enfermos do Hospital San Xosé ca. (1960-70) (s.d.) ADPL sig330.190



Persoal de cociña do Hospital San Xosé ca. (1960-70) (s.d.) ADPL sig3330.354

# ***BIBLIOGRAFÍA***

-Excma. Deputación Provincial de Lugo (1958) Servizos da Deputación. Rev. Lucus, 1 (1) 20-22

-Excma. Deputación Provincial de Lugo (1958) Beneficencia. Datos referentes a 1956. Rev. Lucus 1, 19

## **FONTES PRIMARIAS:**

-Actas Deputación Provincial de Lugo. Sesión do día 18 de agosto de 1927

-Actas Deputación Provincial de Lugo. Sesión 5 de Maio de 1944

-Actas Deputación Provincial de Lugo. Sesión 1 Febreiro de 1945

-B.O.P. de Lugo nº 11 Sábado 15 de Xaneiro 1927

-B.O.P. de Lugo nº 15 de xullo de 1927

-Regulamento do Centro Benéfico Provincial de San Xosé. 1946. sig. 3780